

Xestión das cualificacións do alumnado

Moodle mostra no Libro de cualificacións as puntuacións que o alumnado obtén nas **actividades** do curso.

Podemos acceder a este Libro de cualificacións dende **Bloque Navegación -> Os meus cursos -> "Nome curto do curso en cuestión" (neste caso moodle_ad_act) -> Cualificacións**



A primeira vez que se accede ao libro de cualificacións preséntase a vista en modo Informe do cualificador, de maneira que se mostra unha táboa na que cada fila corresponde a un alumno e cada columna a unha actividade excepto a última columna que presenta a cualificación total obtida polo/a participante

Informe do cualificador

		Curso de exemplo				
Apellido	Nome	Enderezo de correo	Números naturais	Divisibilidade	Fraccións	Números decimais
Controis						
Alumno 1		nonresponder@edu.xunta.es	7,50	6,00	3,50	7,00
Alumno 2		nonresponder@edu.xunta.es	5,50	10,00	9,00	7,50
Alumno 3		nonresponder@edu.xunta.es	6,00	6,75	5,00	5,00
Media xeral			6,33	7,58	5,83	6,50

Cada vez que se engade unha nova **actividade cualificable** no curso, o libro de cualificacións crea automaticamente unha nova columna para esta actividade, de xeito que se prememos sobre o nome enlazamos con esa actividade en concreto.

O libro de cualificacións pode ser personalizado e modificado polo/a profesor/a. Pódese **activar edición** na parte superior dereita da pantalla e desta maneira poderemos facer calquera cambio.

Aparecen unha serie de recadros que mostran as puntuacións que cada alumno obtivo nas actividades. Podemos modificar directamente as notas sobre esta táboa, sen necesidade de ir á actividade en concreto, pero se facemos isto non poderemos cambiar posteriormente a nota dende a actividade avaliada.

Tamén podemos ocultar, bloquear ou excluír unha nota dun alumno ou unha actividade completa pulsando a icona [].